CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVIII - Nº 210. Agosto 2023. Distribución gratuíta

EMPRESA
Óptica Tábora estrea novo espazo P5

COMARCA
'Santiso Concilia' é a nova iniciativa do Concello a prol da conciliación familiar P17

CULTURA
O 1º Trofeo Cerne de Galicia de kickboxing celébrase o vindeiro sábado en Melide P20

ENTREVISTA

Manuel Vázquez, Transportes Sierra P23

O 'Mercamelide na Rúa' comeza o venres nos comercios locais da vila

A Asociación de Empresarias e Empresarios da Terra de Melide, en colaboración co Concello do municipio, celebrará o venres 11 e sábado 12 de agosto o 'Mercamelide na rúa' en diversos comercios locais da vila con grandes descontos e cunha ampla variedade de artigos.

Nesta nova edición do 'Mercamelide na rúa' conta con dezaoito establecementos de proximidade participantes de diferentes sectores como: téxtil, calzado, deportes, electrodomésticos, lencería. P3

"Encántame traballar na barbería en Melide"

Iago Castro, responsable de A Barbería de Iago, dá conta na entrevista de benvida do bo momento que vive o sector da barbería e da boa acollida que tivo o seu establecemento en Melide. P10

"A sociedade ten prexuízos sobre a xente do campo"

A melidá Lucía Casal gaña o Premio Nacional de Medio Ambiente do INJUVE. Esta moza apaixoada do campo e os animais fai fincapé na entrevista do Cerne da necesidade de rachar cos prexuízos. P18

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Tribuna de opinión

Tic, tac...acábase o tempo para o Planeta

Logo de douscentos nove días xa consumimos máis recursos naturais dos que o Planeta Terra é capaz de xerar nun ano. O panorama non convida ao optimismo, cada 365 días consumimos, a nivel global, os recursos de case dous planetas Terra.

Se nos fixamos nos gráficos que amosan as datas da fin dos recursos que o planeta nos proporciona observamos que dende 1971 (ano no que se remataban no mes de decembro) ata a actualidade recortamos case catro meses. Non obstante, non todos os países consumimos igual, segundo os datos de *Global Footprint Network* España rematou cos recursos en maio, Qatar en febreiro e Xamaica farao en decembro.

Debuxo do Planeta Terra con liñas moi finas. / Foto: iStock

Con estes datos parece lóxico pensar na necesidade de actuar, poñer en marcha medidas a pequeno e a gran tamaño para coidar do noso fogar en común, a Terra. Senón mudamos esta situación "estamos deteriorando o noso presente pero sobre todo estamos hipotecando o futuro dos nosos fillos e fillas, así como o do resto do planeta", comentan dende WWF.

Os síntomas desta situación, xunto co quecemento global, non deixan de amosarse cada vez máis latentes: seca en diversas partes do mundo ou fenómenos meteorolóxicos extremos que provocan todo un desafío para os cultivos, dito noutras palabras para a nosa despensa natural.

A pesares desta situación segue habendo persoas que negan a necesidade de cambiar os nosos hábitos e incluso afirman que estes "cambios" son normais. Necesitamos máis concienciación e educación medioambiental, non deixar de facer pequenos xestos como reciclar e reutilizar nas nosas casas, empregar menos o coche sempre que sexa posible ou comprar produtos locais e de temporada porque cada un destes pequenos xestos contan e moito.

Ademais, as administracións públicas deben poñer as ferramentas e recursos necesarios para coidar o noso Planeta.

Editorial

Melide, unha vila cinco estrelas

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Unha das paisaxes máis coñecidas do municipio melidá. / Foto de arquivo

Neste tempo de vacacións somos moitas as persoas que acudimos a páxinas web de recensión para decidir a onde imos ou non, se tivésemos que facer un comentario da nosa localidade sería algo así:

Melide é un municipio do cerne de Galicia que conta con fermosas paisaxes, un amplo patrimonio histórico e un forte tecido comercial, empresarial e hostaleiro. Nesta vila galega hai de todo: roteiros rodeados de natureza, diversos locais de ocio, a mellor gastronomía con produtos de proximidade, verbenas e festas tradicionais, pequenos comercios con artigos de gran calidade e a bos prezos, empresas con gran profesionalidade, lugares con encanto e edificacións con moita historia, entre outras.

Non obstante, se por algo destaca Melide é pola súa xente. As persoas que habitan neste concello sempre están dispostos a axudar, son amables, moi atentos e melindrosos.

En definitiva, unha vila cinco estrelas para desfrutar, vivir, comer, mercar e consumir.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia e Vanessa de Quinzán
AGRADECEMENTOS: Pilar López e Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓNS.....11
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....18
- ENTREVISTA.....23

O ‘Mercamelide na Rúa’ celebrará unha nova edición os días 11 e 12 de agosto con grandes descontos e diversos artigos

A Asociación de Empresarias e Empresarios da Terra de Melide, en colaboración co Concello do municipio, celebrará o venres 11 e sábado 12 de agosto o ‘Mercamelide na Rúa’ en preto dunha vintena de comercios locais da vila con grandes descontos e cunha ampla variedade de artigos.

Nesta nova edición do ‘Mercamelide na Rúa’ participan dezaoito comercios de proximidade de diversos sectores que son: Toysmaniatic Melide, Mis Mejores Labores, Flor de Toxo, Goalkers Melide, Stardemoda, Sueños Moda Infantil, Colorín Colorado, Romero Zapaterías, Tu Boutik, Modas Alfonso, Calzados Broz, Electrosan, Mercería Marvi, Shako Moda, Creacións MJ, M&M Moda, Sisuka e Magnin.

Durante os dous días que dura a campaña de oportunidades, o venres 11 e sábado 12, os comercios participantes terán nos seus locais descontos e rebaixas especiais en artigos e produtos en stock. O horario das tendas no ‘Mercamelide na rúa’ será o habitual de cada unha, tanto de mañá como de tarde. A maiores, estes establecementos contarán cuns carteis identificativos para poder atopar os participantes con facilidade.

Participantes e representantes de ASETEM e o Concello de Melide na presentación do Mercamelide. / Foto: ASETEM

Dende o equipo directivo de ASETEM - CCA fan fincapé nos obxectivos principais que ten o ‘Mercamelide na Rúa’ , o gran motivo da celebración desta iniciativa é axudar e impulsar a venda daqueles produtos en stock que os establecementos de proximidade non conseguiron vender en tempada. Por parte do Concello, Xosé Igrexas, concelleiro de Comercio, afirma “a aposta un ano máis da Administración municipal coa Asociación empresarial na organización do ‘Mercamelide na Rúa’, o que implica a aposta decidida no apoio ao comercio local”. Esta actividade nas rúas da vila tamén promove as compras nos establecementos locais durante dous días nos que a localidade melidense aumenta substancialmente a súa poboación por mor das vacacións de verán e a proximidade coas datas das grandes festas do municipio, o San Roque, que comezarán o luns seguinte. Por último, e moi ligado co obxectivo citado anteriormente, favorecer que os turistas, peregrinos e visitantes teñan unha razón máis para achegarse ata o centro de Galicia e descubrir todas as opcións e recursos turísticos que ofrece toda a comarca da Terra de Melide e os concellos dos arredores. Ademais, o sábado 12 o Concello de Melide organiza dentro do Verán Cultural un concerto da artista Catuxa Salom o que poñerá o punto final a esta nova edición do ‘Mercamelide na Rúa’.

Como non podía ser doutro xeito, dende a directiva de ASETEM - CCA convida a toda a veciñanza e visitantes a consumir e mercar no comercio local durante estes días de verán, xa que atoparán os mellores produtos e artigos a uns prezos irresistibles. A maiores, dende o equipo directivo tamén fan fincapé na importancia de que os establecementos asociados participen en iniciativas de promoción do comercio de proximidade como pode ser o ‘Mercamelide na Rúa’, dado que sen a súa implicación e traballo non tería sentido realizar estas campañas. Por parte das comerciantes participantes nesta tradicional iniciativa amósanse optimistas e con confianza de que estes dous días de grandes descontos van conseguir atraer á veciñanza e turistas para mercar nas tendas da localidade para que o ‘Mercamelide na Rúa’ teña unha forte repercusión e se siga asentando como unha promoción máis da vila melidá.

ESTUDIO 360º BY GRUPO NOGUEROL

“Neste espazo queremos facilitarlle todo o proceso á clientela”

- Comentádenos o funcionamento destas novas oficinas.

- Diego Rodrigo: neste novo espazo tratamos de ofrecer un concepto de oficina técnica no que a clientela teña acceso a todo tipo de servizos relacionados con proxectos de arquitectura, tanto de reformas como de obras de nova construción. Ademais contamos cun espazo de exposición para que a clientela poida ver previamente o material que se vai utilizar na súa obra. **Silvia Garea**: Nós vimos que en Melide faltaba ese servizo completo que vaia dende tramitar documentos e permisos para as Administracións, pasando por memorias técnicas, solicitude de axudas e ata poñer o último detalle da obra. Queremos facilitarlle o proceso á clientela e nós, ao contar con diferentes perfís profesionais no noso cadro de persoal, podemos facelo.

Os traballadores do novo proxecto Estudio 360º By Grupo Noguerol nas súas instalacións en Melide. / Foto: Grupo Noguerol

- O espazo de exposición de materiais ten boa acollida por parte dos clientes e clientas?

- S.G: Moi boa porque lles axuda moito a escoller e saber o que queren. Nas nosas instalacións da Circunvalación da Feira case non tiñamos espazo para ensinarlle os materiais e propostas á clientela e era máis complicado, dado que non se facían tanto á idea de como ía ser. **Miguel López**: Á xente gústalle tocar e se poden ir a algunha obra na que esteas poñendo o material que escollen para a súa agradéceno porque queren ver como quedaría o resultado.

- O estar coa clientela dende o primeiro e ata o último momento do proceso, imaxino que é un valor engadido.

- S.G: Si, para a xente é un extra porque non se teñen que estar preocupando por conseguir un papel ou organizar os traballadores, nós facemos o servizo completo.

- Dende a pandemia houbo un *boom* de reformas, continúa esta tendencia?

- D.R: Polo momento continúa. A idea de mellorar e reformar espazos nos que pasamos a maior parte do tempo segue calando, quedou na mentalidade colectiva o buscar tamén máis comodidade. A pesares da suba dos prezos de materiais a xente non perdeu as ganas por rehabilitar ou reformar certos espazos ou vivendas completas. De feito, despois da pandemia fixemos reformas para xente que veu de Madrid ou outras cidades grandes na procura de lugares máis tranquilos, nisto a COVID axudou.

- Os sectores relacionados coa construción e as obras teñen un forte problema de falta de persoal.

- S.G: Nós notámolo moito. Cando abrimos procesos de contratación costa moito atopar o perfil adecuado porque nin asumindo ti a formación desa persoa das atopado xente.

- M.L: Este é un problema que afecta moito nos proxectos da clientela porque o que depende dos nosos profesionais conseguimos organizalo moi ben e en tempo pero cando necesitamos o traballo doutros gremios complícase algo a cousa porque hai poucos profesionais e están todos con moito traballo. Por este motivo, pode haber certos retrasos aínda que intentamos que non os haxa. Actualmente, tes que facer malabarismos para coordinar e organiza a todos os profesionais que fan falta nunha obra.

- Cales son as principais tendencias actuais?

- S.G: O máis demandado dende a chegada da pandemia foi cambiar a bañeira polo prato de ducha. Tamén houbo moita reforma de cociña, xa que a xente valorou a comodidade e as cousas prácticas na casa, poñer nas nosas vivendas ferramentas que nos permitan facer as cousas máis fáciles e non ser escravos do noso fogar. **D.R**: Ademais, agora a tendencia son as cores claras, os espazos abertos, amplos e con moita iluminación. Un estilo moi nórdico.

- Subiron moito os prezos dos materiais?

- M.L: Os prezos subiron moito pero agora, por sorte, parece que se están estancando. Digo isto, non é algo que se saiba polo que igual este mes están os prezos máis estables e para dentro dunhas semanas volven subir. Este efecto vémolo moito tamén no supermercado, vas un día están a un prezo e á semana seguinte a outro.

- Canto tempo dades de marxe nun presuposto?

- S.G: Como moito 15 ou 20 días. Antes, con que nos confirmaran o presuposto a un mes vista chegábanos pero agora pedimos que sexa como moito en 15 ou 20 días e se pode ser canto antes mellor porque aínda que non empecemos a obra podemos pedir os materiais e telos aquí a ese prezo e senón xa non o podemos garantir.

- A clientela trae as ideas claras cando vos solicita o traballo ou é máis de deixarse aconsellar?

- D.R: A maior parte da clientela ten as cousas moi claras e non lle gusta saír moito delas. Nós sempre intentamos amosar a mellor maneira ou posibilidade de realizar o seu proxecto pero moitas veces traen a idea tan clara que non aceptan moitas modificacións. **M.L**: Antes a xente viña e dicíache: “facemos o que ti me digas”, porque confiaban na túa traxectoria profesional e sabían que lle ías aconsellar o mellor para cada caso pero agora a clientela ten acceso a todo en Internet. **S.G**: A xente maior segue deixándose aconsellar moito pero as persoas novas traen as ideas moi claras e non piden tantos consellos. **M.L**: A xente maior tamén coñece máis a nosa ampla traxectoria, ca ferretería levamos case 80 anos polo que saben cal é a nosa maneira de traballar e como o facemos. É certo que a maioría da nosa clientela neste ámbito son persoas xa adultas, asentadas e cunha certa estabilidade económica, unha situación que normalmente as persoas novas non teñen. **D.R**: Onde máis se deixan aconsellar e no tema da calefacción, á hora de renovar unha instalación de auga ou electricidade. A maiores, agora temos moi en conta o aforro enerxético, preferimos gastar un pouco máis ao inicio e despois aforrar de xeito progresivo.

- Que é o máis complicado de realizar unha obra ou reforma?

- M.L: Organizar os diferentes profesionais de distintos gremios, problema derivado da falta de persoal, porque a nivel subministración de materiais non hai problema.

Éxito da campaña de visibilidade do comercio local, 'Pretiño de ti'

Un artigo de Pro Diva no medio dos reloxos e xoias de Xoiería Silvela na campaña 'Pretiño de ti'. / Foto: Asetem

Do 5 ao 30 de xullo, a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide organizou unha campaña de visibilidade do comercio local, chamada 'Pretiño de ti', e que tivo un gran éxito entre clientela e participantes. Esta nova iniciativa, consistía en que os establecementos de proximidade fixeran publicidade entre eles intercambiando produtos para despertar o interese da clientela e conseguir difundir a ampla variedade de artigos que se poden atopar no comercio local de Melide.

Algúns dos intercambios que máis chamaron a atención foron: unhas galletas de Pastelería e Panadería Manso nas instalacións de Xanela Ocio, uns utensilios para o cabelo de Pro Diva en Xoiería Silvela, pezas de Sargadelos de Xoiería Roval na Cafetería e Pastelería Estilo ou uns zapatos de Calzados Broz en Muxica Tenda Xoven.

Ademais, o primeiro grupo de clientes e clientas que preguntaron por estes obxectos, indicados cun cartel identificativo da campaña 'Pretiño de ti', levaron de agasallo unha bolsa de tea co distintivo desta actividade de promoción comercial.

Por parte das persoas responsables das tendas participantes nesta iniciativa destacan que foi unha campaña diferente, o que despertou a curiosidade da clientela tanto habitual como de visitantes e que lles permitiu coñecer as diversas posibilidades que ofrecen os establecementos de proximidade, en canto a produtos.

Dada a boa acollida de 'Pretiño de ti' no comercio local dende a directiva de ASETEM - CCA, estase a traballar na posibilidade de repetir dita iniciativa con algunha modificación para contar co factor novidade e poder seguir coa tarefa de promover, visibilizar e divulgar os negocios de proximidade.

Os datos do paro da comarca ralentizan a súa baixada con 364 persoas desempregadas

Unha persoa desempregada buscando traballo nunha páxina web. / Foto: istock

Os datos do paro da comarca da Terra de Melide ralentizan a súa baixada e acadan as 364 persoas desempregadas en xullo, 9 menos que no mes anterior.

Para máis detalle, ao tratar os datos polo miúdo, atopamos un mes máis en Melide o maior descenso de persoas no paro con 8 menos (total 258), en Santiso as cifras tamén son positivas e quedan con 2 desempregados menos (45 persoas), en Toques, contan con 3 persoas desempregada menos (a cifra queda en 23), neste caso a excepción é Sobrado, xa que os parados soben en catro persoas (total 38).

Por outra banda, se observamos as cifras do paro noutras comarcas da contorna, no caso de Arzúa os datos non son nada positivos, contan con máis persoas desempregadas que no mes de xuño con 14 persoas desempregadas máis (sendo o concello de Boimorto o único onde baixan as cifras do paro, en 2 persoas; xa que Arzúa manten o mesmo número de desempregados 150; O Pino con 4 persoas paradas máis e Touro con 12), na comarca da Ulloa os datos tampouco son optimistas, xa que soben en 10 as persoas sen traballo, sendo Palas de Rei a localidade con maior suba (8 máis) e Antas de Ulla a única con descenso (1 menos).

Este mes de xullo os sectores que tradicionalmente máis emprego crean nesta época do ano ralentizaron as súas contratacións. Non obstante, os datos seguen sendo os mellores dos últimos anos tanto nestas comarcas como a nivel galego.

A gañadora dos Días Azuis recolle a tarxeta de 150 euros

A gañadora dos Días Azuis en Melide recollendo o premio. / Foto: Asetem

A gañadora da campaña da Federación Galega de Comercio en colaboración coas asociacións e centros comerciais abertos, Días Azuis do comercio local, Jacqueline Burnod Bermúdez, recolleu nas oficinas da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide a súa tarxeta prepago de 150 euros para gastar nos establecementos de proximidade do municipio.

Os Días Azuis é unha das iniciativas de promoción do comercio local a nivel autonómico máis arraigadas e no caso de Melide conta con ampla participación tanto por parte das tendas como da clientela polo que a repercusión tamén é maior.

A Xunta lanza as axudas destinadas á innovación e o deseño empresarial



Varias persoas traballando sobre a innovación e o deseño empresarial. / Foto: istock

A Xunta de Galicia lanza as axudas económicas destinadas á innovación e o deseño das PEMEs e microempresas galegas.

Ata o vindeiro luns, 14 de agosto, está aberto o prazo para solicitar estas subvencións que pretenden dar resposta ás necesidades das PEMEs, especialmente das menos innovadoras de sectores tradicionais, paliando a falta de recursos e coñecementos nesta materia. Este programa de axudas conta con dúas liñas de actuación: DeseñaPeme e InnovaPeme.

No caso do DeseñaPeme, o foco ponse na innovación no produto, servizo, marca, identidade e experiencias. No plan de deseño para a innovación e sustentabilidade deberán incluírse un conxunto de actividades e fases que permitan implementar ou incrementar as capacidades de deseño da empresa solicitante, polo que poderanse incluír as seguintes tarefas: actividades destinadas a correxir deficiencias de mercado relacionadas con externalidades positivas, deficiencias de coordinación e, en menor medida, información asimétrica. Tamén entran tarefas relativas ao deseño de produto dende a súa concepción ata a súa preindustrialización, que se perciban no mercado como novos ou nos que se aprecie unha mellora substancial. Tarefas relativas ao deseño de servizos e experiencias, así como ao de marca e identidade corporativa.

Pola outra banda, o InnovaPeme enfócase nos procesos e a organización. Nesta liña cúbrense tarefas vencelladas á innovación en procesos, mediante aplicación de métodos de produción ou loxística, novos ou mellorados de xeito significativo. Tamén as actividades vencelladas á innovación en materias de organización, mediante a posta en funcionamento de novos métodos organizativos para a comercialización, a organización do centro e actividades do traballo ou as relacións exteriores de empresa.

As solicitudes deben presentarse a través de medios electrónicos de xeito obrigatorio.

O Concello somete a información pública a modificación das normas subsidiarias para a creación de solo industrial



Situación e delimitación do ámbito destas modificacións puntuais sobre mapas do IGN. / Foto: Concello de Melide

O Concello de Melide somete a información pública o acordo saído do pleno do pasado 25 de maio de aprobación inicial da modificación puntual número 7 das normas subsidiarias de planeamento de Melide para a delimitación dun sector de solo urbanizable de uso industrial.

O anuncio foi publicado o pasado 21 de xullo no DOG número 139, na sede electrónica da Administración local e no xornal El Correo Gallego e estará en prazo de información pública durante dous meses.

Así mesmo, neste documento faise pública a suspensión do outorgamento e licencias naqueles ámbitos do territorio obxecto desta modificación puntual do planeamento cuxas novas determinacións supoñan unha modificación de ordenación urbanística vixente. A duración da suspensión é de dous anos dende a aprobación inicial e extinguíndose coa definitiva.

Publícase no DOG o calendario laboral para o vindeiro ano

As páxinas dun calendario no que se marcan os festivos. / Foto de arquivo

A Xunta de Galicia publica no DOG o calendario laboral da comunidade autónoma para o vindeiro ano 2024.

Os festivos escolmados polo Goberno autonómico foron: o Día das Letras Galegas (17 de maio) e o Día Nacional de Galicia (25 de xullo). O resto de xornadas non laborais en Galicia serán: 1 e 6 de xaneiro, 28 e 29 de marzo, 1 de maio, 12 de outubro e 6 e 25 de decembro. A isto habería que sumarlle os dous festivos locais que se aproben por parte da Administración municipal.

Este calendario pode consultarse no Diario Oficial de Galicia do pasado 17 de xullo.

PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

E-15-001241

ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

NUEVA
UBICACIÓN

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

2 GAFAS
GRADUADAS
99 €

E-15-001238

ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

11-12
AGOSTO
2023
mercamelide
na Rúa
CALZADOS BROZ
COLORÍN COLORADO
CREACIONES MJ
ELECTROSAN
FLOR DE TOXO
GOALKERS
M&M
MAGNIN
MARVI
MIS MEJORES LABORES
MODAS ALFONSO
ROMERO
SAKHO
SISUKA
STARDEMODA
SUEÑOS
TOYSMANIATIC
TUBOUTIK
XUNTA DE GALICIA
galicia
CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM
Concello de Melide
Merca en Melide
Cerne de Galicia
Melide destino
Cerne de Galicia

“É importante facer unha revisión visual e auditiva anual”

- Que podemos atopar nesta nova tenda de Óptica Tábora?

- Yolanda Vázquez: A clientela pode atopar moda, deseño e novidades para todos os prezos, xa que temos dende gafas de marca como outras de promoción a bo prezo. Intentamos sempre ter as últimas tendencias tanto en gafa como en lentes e audífonos para que a xente da vila poida cubrir aquí estes servizos e non se vexa obrigada a achegar ata algunha cidade.

- Aumentou a demanda do servizo de audioloxía?

- Y.V: Si, ultimamente demándase moito máis. É certo que hai persoas que seguen relacionando a audioloxía con certas marcas ou casas e pensan que en ópticas como a nosa non contan con este servizo. Non obstante, cada vez é máis xente a que coñece esta opción e anímanse a acudir ao establecemento de proximidade porque saben que se teñen algún problema aquí vámolo intentar solucionar.

- As persoas que solicitan este servizos son principalmente maiores ou hai clientela de todas as idades?

- Y.V: Na audioloxía, por desgraza, cada vez aparecen casos de xente máis nova pero a maioría tenden a ser persoas dende a mediana idade para diante. É verdade que estamos nunha sociedade que está rodeada de moitos estímulos o que implica que clientela de curta idade teña que recorrer a este tipo de servizos.

- Que vantaxes atopades neste novo establecemento?

- Y.V: A outra tenda estaba moi ben porque era pequena e parecía máis acolledora pero claro cando entraban dúas ou tres persoas xa se enchía e en cambio aquí ao contar cun espazo máis amplo podemos ofrecerlle á clientela un servizo máis personalizado porque están en espazos independentes, logo se queren botar un ollo mentres esperan poden facelo de maneira cómoda e estamos nunha boa localización.

As traballadoras de Óptica Tábora no novo establecemento, situado na Rúa Progreso, 13 en Melide. / Foto: Cerne

- Como está sendo a acollida por parte da clientela?

- Y.V: Moi boa, mellor do que esperabamos. De feito, moita xente maior cando vén por aquí acórdase de hai moitos anos cando viñan ao cine a este espazo e incluso, como é un edificio con moita historia e emblemático do municipio pois a clientela deulle moi boa acollida. Ademais, notamos que a veciñanza se sentiu agradecida de que se lle dera unha nova vida a este inmoble.

- Dise que as crianzas precisan usar gafas cada vez máis novos polo uso excesivo de pantallas.

- Y.V: Totalmente. Hoxe en día estamos rodeados de pantallas por todas partes: teléfono, tableta, ordenadores, reloxos intelixentes, moitos traballos realízanse a través de dispositivos dixitais, ... Na miña época nunha clase había só tres ou catro nenos e nenas con gafas e agora é ao contrario, teñen todos gafas menos tres ou catro. Tamén é certo que dende pedriatría e incluso os pais e nais se vemos algo raro imos inmediatamente á óptica e ao mellor antes eran máis deixados nese sentido. Ademais, o persoal de Óptica Tábora facemos a revisión nos centros educativos polo que os intentamos ter controlados dende moi pequenos para que as familias saiban que no caso de ver calquera cousa rara nós avisámolos por carta para facer unha revisión máis exhaustiva.

- A prevención como en todo é fundamental.

- Y.V: Por suposto. A prevención sempre é moi importante, ante a mínima dúbida que non o pensen e os traian porque nós encantadas de atendelos e miralos, xa que en caso de que se atopara calquera problema temos convenio co Sergas polo que se derivaría ao sistema público de saúde para acudir ao especialista indicado.

- Que consellos nos darías para coidar a nosa vista?

- Y.V: Intentar facer sempre unha revisión, tanto auditiva como visual unha vez ao ano. Debemos familiarizarnos con estas revisións ao igual que o facemos co médico de cabeceira, co dentista ou outros especialistas. Non custa nada, só son uns quince minutos e se está todo ben quedas tranquilo, no caso de ver que hai algo estas revisións permítenche telo controlado e no teu historial médico, é dicir, por poñer un exemplo: no ano 2015 estaba todo perfecto pero no 2018 empeza a ter algo pois isto permite ter un maior control da patoloxía.

- Cales son as patoloxías máis frecuentes?

- Y.V: As miopías e hipermetropías, astigmatismos moi altos en nenos e nenas que ao mellor os pais e nais non se daban conta e grazas ás revisións nas escolas ou as que deriva o Sergas cada certos anos, polo que se puideron diagnosticar con anticipación para poñerlle solución canto antes. Logo, en xente moi maior que empeza a notar perda de visión é moi común debido ás cataratas, aínda que ultimamente tamén as vemos en xente non excesivamente nova en idade pero si non tan maior como é o esperado. Outro exemplo é o ollo vago que antes se tiña máis descoidado e agora intentase remitir porque se o colles cando a persoa aínda é pequena pódeslle axudar e remitilo e que iso non vaia a máis.

- Actualmente, as gafas son un complemento máis de moda.

- Y.V: Totalmente. As tendencias levan a gafas moito máis marcadas, de pasta grosa, con formas moi arriscadas, xa non son ou redondas ou cadradas, con moito metal, hai para todos os gustos. Este ano o que se leva é que a gafa se note e resalte no estilismo dunha persoa e as gafas máis chamativas están moi en auxe con cores moi alegres.

- As gafas de sol son máis que unha cuestión de estética.

- Y.V: Si, é unha cuestión de saúde. As gafas de sol débense mercar en centros especializados porque son as únicas que te van protexer verdadeiramente, de feito as que compras en tendas non especializadas pódenche producir danos a longo prazo. Hoxe en día hai gafas de sol a todos os prezos polo que a xente pode acudir ás ópticas para mercalas porque levará calidade e saúde a bo prezo.

ENTREVISTA BENVIDA, A BARBERÍA DE IAGO

“Estou encantado de poder traballar no mundo da barbería con persoas de todas as idades e facelo na miña vila, en Melide”

- Que servizos ofreces na túa barbería?

- Iago Castro: Dentro do que é o corte de pelo masculino todo, tanto o corte clásico a tesoira, un degradado ou calquera das tendencias actuais. A maiores, realizo coloracións completas, cores rosas e brancos nucleares que é o que se leva agora. O que non fago son mechas nin ondulacións. Logo, tamén realizo un afeitado de barba completo ou un arraxo ou degradado.

- Cal é o teu público maioritario?

- I.C: Teño máis clientela nova, dende os 15 ata os 40 anos, pero traballo con persoas de todas as idades, de feito véñenme nenos de 2 anos e señores de 70. Non quero centrarme nun só rango de idade porque, por exemplo, se hai un home de 35 anos que vén sempre cortar aquí o pelo e quere traer ao seu fillo eu non podo non atendelo, entón atendo a todas as idades. No caso dos señores de maior idade é algo máis complicado porque non están acostumados a pedir cita para cortar o pelo e, por exemplo, eu agora estou dando citas a dúas semanas vista entón para eles é máis difícil porque non teñen o hábito de pedir cita.

- Polo que acabas de dicir podemos intuír que a acollida por parte da clientela está a ser moi boa.

- I.C: Si, si, moi boa. Antes de abrir un negocio sempre tes algo de medo por se non funciona pero a verdade que moi ben. De feito, dende que abrín teño lista de espera dunha semana e agora no verán de ata tres semanas. Todo isto abrindo máis horas do habitual, isto penso que é sinal da boa acollida por parte da clientela. A min gústame moito a puntualidade e ser organizado polo que intento que todas as persoas entren e saian en hora, así mesmo, cando me anulan unha cita normalmente póñoo no Instagram e cóbreseme moi rápido, e cando vexo que teño unha semana chea tamén o comunico nas redes sociais para que a xente teña previsión e poida ir chamando para a próxima semana.

Iago Castro, responsable de A Barbería de Iago, no seu local na Avenida da Habana, 5, en Melide. / Foto: Cerne

- Dende hai un tempo preocúpanos moito a nosa imaxe, a que se debe isto?

- I.C: O sector da barbería está en pleno auxe. Antes os homes non se arranxaban tanto ou non se preocupaban demasiado polo seu aspecto e isto cambiou, agora fan as cellas, o láser,... Logo, penso que tamén axudan moito as tendencias de corte como é o degradado, ao levar unha parte tan afeitada ao final tes que estar retocando o pelo moi a miúdo. Os clientes que veñen todas as semanas, principalmente, é por isto por ter o corte perfecto. De feito, teño clientes que me collen citas a varios meses vista para asegurarse de que van ter o seu oco para retocar o corte e isto a min tamén me gusta porque me podo organizar moito mellor.

- A xente é conservadora en canto aos cortes e peiteados ou arrisca?

- I.C: Cando veñen por primeira vez soen ser máis conservadores porque tampouco non coñecen a túa maneira de traballar. A mellor publicidade neste sector é o *boca a boca* e ver no Instagram imaxes dos cortes que fas noutras persoas, dado que os rapaces máis novos temos costume de antes de ir cortar o pelo a un sitio mirar nas redes sociais se nos gusta o que fai, a parte colles ideas e cando chegas a xunto o barbeiro pódeslle pedir que che faga ese corte en concreto. É máis a min moitos rapaces veñen e dinme quero que mo cortes como nesta foto que subiches o outro día pero iso é case imposible porque non todos temos o mesmo pelo nin nos quedan ben as mesmas cousas. Logo, cando collen confianza xa me din que lles faga o que eu queira e isto é o bonito porque podo aconsellalos mellor e darlles novas ideas. O importante é que os clientes saian véndose ben.

- Tes tamén produtos á venda ao servizo da clientela.

- I.C: Si, teño varias marcas e produtos dos que uso eu para que a xente poida compralos. Teño dende champú, cera, pos de volume e máquinas. Hai xente que pide moito estes produtos para regalar e eu prepárolle unha cesta con diversos produtos.

- Por que decidiches emprender en Melide?

- I.C: No meu caso marchei da casa e estiven tres anos en Santiago e notaba que botaba moito de menos Melide porque a min gústame moito vivir aquí e traballar con xente coñecida. Estou encantado de poder traballar con todos os públicos e ver que atendo ao fillo dun coñecido ou a un amigo, por iso che dicía que o *boca a boca* é moi importante, xa que ti cando quedas contento do servizo vas recomendalo á túa xente máis próxima.

Outro punto a favor que creo que teño para este negocio é a puntualidade porque valoro o tempo da clientela e o meu propio, ti se tes cita para as cinco non podes estar media hora esperando. É máis, moita xente dime que había ben tempo que non o atendían no seu horario. Os clientes valoran moito que sexa puntual e eu agradézoo. A min gústame ir tranquilo para facer ben as cousas e para iso teño que ir en tempo. Para o meu gusto un corte ten que durar media hora por iso poño as citas cada este período de tempo.

- Tes algunha nova que contar?

- I.C: Despois do verán vou traer un tatuador, para iso acondicionarei unha das salas do local para que este profesional de Coruña especializado en tatuaxes realistas veña uns determinados días, dependendo tamén da demanda que vaia tendo. A maiores, xa a máis longo prazo, teño en mente montar un espazo de solario pero isto terá que esperar ata o vindeiro ano.

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE..."

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide
Teléfono: 642 007 210

PERSOAS ZURDAS E LOGOPEDIA

O 13 de agosto celébrase o día mundial da zurdeira e con el queren darse a coñecer as dificultades que as persoas que presentamos esta condición nos atopamos na nosa vida diaria.

Ao longo da historia, moitos mitos teñen rodeado ás persoas zurdas. A Inquisición chegou a xulgar e encarcerar a persoas zurdas argumentando que eran obra do demo. Chegouse a dicir que as persoas zurdas eran máis propensas a sufrir afeccións do sistema inmunolóxico e había teorías que sostiñan que tiñamos unha esperanza de vida menor que as persoas destras, ata nove anos menos de media. Tamén se dicía que as persoas zurdas eramos máis intelixentes que a media da poboación por utilizar en maior medida o hemisferio dereito do cerebro e incluso que podíamos ter máis tendencia á psicopatía que as persoas destras.

Todas estas teorías foron refutadas por estudos científicos posteriores á postulación destas teorías, pero calaron na poboación e hai aspectos que chegaron ata os nosos tempos. Ata non hai tanto tempo, en España sen ir máis lonxe, as persoas zurdas eran forzadas a escribir coa dereita chegando incluso a infrinxirlles castigos físicos polo feito de usar a man esquerda. Pero aínda hoxe, en Xapón, se reprime a utilización do lado esquerdo do corpo. É por este motivo que no país nipón, as persoas zurdas, apenas alcanzan o 2% da poboación.

Non obstante, a realidade é que o cerebro das persoas zurdas si que se envolve en máis misterio que no caso das persoas destras, polas respostas que aparecen tras un dano cerebral, por exemplo. Como logopeda, estudei neuroloxía na miña formación de base e referíase que había persoas zurdas que, tras sufrir un ACVA (ictus) podían presentar unhas características diferentes ao caso dunha persoa destra.

Así, cando unha persoa ten un dano cerebral no hemisferio esquerdo do cerebro, onde se atopan as áreas de maior relevancia para a linguaxe, o esperable é que haxa unha afectación maior ou menor en función da zona afectada, da gravidade e extensión da lesión e outros aspectos similares. Nas persoas destras adoita cumprirse esta premisa pero no caso das persoas zurdas poden darse varios supostos: casos nos que o resultado sexa idéntico ás persoas destras, casos nos que non haxa ningún tipo de afectación cando a lesión é no hemisferio esquerdo e que si haxa alteracións se a lesión é no dereito ou noutros, ter unha afectación da linguaxe moito menor ou maior que unha persoa destra.

Estes datos parecen indicar que a representación cerebral das diferentes funcións no cerebro das persoas zurdas poden ser diferentes sen seguir un patrón claro. Tendo en conta que o cerebro é un dos órganos con máis misterios do noso corpo para as/os investigadoras/es, non hai feitos probados que refuten ou confirmen esa diferenza na estruturación das áreas cerebrais nas persoas zurdas. O único que se pode demostrar, é que sexamos destras ou zurdas, temos un cerebro que é un misterio e ben complexo.

O cliente non sempre ten a razón

Hai xente que considera que para suavizar o carácter e ter unha perspectiva máis humana da sociedade na que vivimos todo o mundo debería traballar nalgún momento da súa vida atendendo ao público.

Non se trata de botar anos, pero si de poñerse nalgún momento nos zapatos de quen ten o deber de atender a clientes diversos, variopintos e plurais, e de facelo con idéntica eficacia e simpatía, porque non están protexidos polo paraugas da inmunidade do funcionariado.

A maneira na que tratamos a quen nos atende nunha tenda, nun bar ou nun restaurante fala transparentemente do tipo de persoa que somos, porque hai xente á que lle parece que quen nos atende ten o deber de servirnos, no sentido de ser os nosos servos, e hai unha xeitosa diferenza.

Igual que hai perfís de persoas que se transforman (para moi mal) cando se poñen diante dun volante, e sacan á primeira situación de conflito un carácter bélico, violento e despótico, hai tamén quen se dirixe aos dependentes e camareiros coa superioridade moral que debe dar estar sentado nunha cadeira ou entrar e poder saír dunha tenda sen que o traballador poida facelo. Coma todo, se es boa persoa, serás bo cliente no trato; pero a pandemia, a vellez, os anos, o ritmo da sociedade ou a repugnancia propia fixeron que cada vez sexa máis frecuente o perfil do cliente que esixe tonterías, que demanda imposibles, que se molesta porque non lle baixan a lúa ou porque queima demasiado o sol.

Tradicionalmente agosto fai triplicar a poboación de Melide, e aínda que os que veñen son nosos, ou fillos dos nosos, sería bo que lembrasen que os que estamos aquí estamos todo o ano. Que todo o ano temos que baixar caixas dos estantes para ensinarlle ao cliente e que finalmente non leve nada porque xa non o quería cando entrou na tenda; ou que todo o ano temos que servir un café descafeinado con leite de soia, en vaso de cristal, temperado, con sacarina...y si tienes un cruasán de pincho.

As vacacións son ese tempo no que supostamente descansamos, conectamos cun ritmo máis lento, no que o reloxo non oprime nin temos que someternos á tiranía dos horarios. Se estamos de vacacións debería importarnos pouco que todo tarde un pouco máis, porque nós estamos sentados, sen presión. E darlle vacacións á cabeza será un autorregalo para volver á vida cando rematen, pero tamén un agasallo de aire e simpatía para quen ten que atendernos. Feliz agosto.

Vanesa de Quinzán

Aberto o prazo de matrícula no IES de Melide para a oferta educativa en FP e para adultos

As instalacións do IES de Melide, onde se ofertan diversos cursos e formacións tamén para adultos. / Foto de arquivo

O Instituto de Educación Secundaria de Melide mantén aberto o prazo de matrícula para a oferta educativa en formación profesional e para persoas adultas ata o vindeiro mes de setembro.

Para o curso 2023 - 2024 o IES melidá oferta os seguintes estudos oficiais: Formación Profesional Básica en madeira e moble, para o alumnado menor de 21 anos que non estea en posesión do Graduado en ESO; o Ciclo Medio de madeira e moble, neste caso para alumnado con título de ESO, proba específica de acceso ou de FP Básica de calquera especialidade; o Ciclo Superior Dual de Gandería e Asistencia en Sanidade Animal, para alumnado con título de bacharelato ou ciclo medio; Curso de Capacitación Dixital, formación inicial en habilidades dixitais intensivo de 30 horas para persoas non matriculadas en ningún estudo oficial durante o mes de setembro; e, por último, Educación Secundaria de Adultos, para persoas sen título de graduado en ESO.

No caso do Ciclo Medio de madeira e moble é unha formación presencial de dous anos cunha alta porcentaxe de inserción.

O Ciclo Superior de Gandería e Asistencia en Sanidade Animal é unha formación que comeza este ano no IES da vila, en colaboración coa cooperativa CLUN e con prácticas remuneradas en granxas dos socios e socias da cooperativa dende marzo e ata xullo. É un ciclo de dous anos e cun amplo abano de posibilidades de traballo no sector gandeiro, de sanidade animal ou como acceso a outros estudos.

A Educación Secundaria de persoas adultas está pensada para todas aquelas persoas que aínda non posúen o título de secundaria.

O Ciclo de Capacitación Dixital é un curso intensivo de dúas semanas, con certificación oficial, como usuario inicial e adaptado ao nivel das necesidades dos usuarios. O alumnado asistente na quenda de xullo considerou de moito proveito e utilidade este tipo de iniciativas formtivas.

Toda a oferta educativa antes sinalada conta con prazas dispoñibles e pode solicitarse acudindo ás oficinas do IES de Melide.

O novo Goberno local contará con seis áreas: presidencia, economía e facenda, urbanismo, cultura e educación, política social e medio rural

O Pleno do Concello de Melide, celebrado o pasado 1 de agosto, dá conta a organización das diferentes áreas de Goberno que quedan do seguinte xeito:

Área de Presidencia, integra os apartados de persoal, obras e servizos, seguridade cidadá e a Radio Municipal. Estes departamentos estarán a cargo do Alcalde, José Manuel Pérez.

Área de Economía e Facenda, con Xesús Pereira (primeiro tenente de Alcalde) ao fronte, integra economía, promoción económica, facenda, turismo e Camiño de Santiago.

Área de Urbanismo, a cargo de Xosé Igrexas (segundo tenente Alcalde), integra urbanismo, medio ambiente, contratación, comercio e emprego.

Área de Política Social, con Carmen Liñeira (terceira tenente de Alcalde) ao fronte, integra servizos sociais, igualdade, saúde e deportes.

Área de Cultura e Educación, a cargo de Mayka Basalo (cuarta tenente de Alcalde), integra cultura, educación, xuventude e normalización lingüística.

E por último, a área do Medio Rural, a cargo do concelleiro José María Santín Amo.

As dedicacións exclusivas quedan aprobadas para Xosé Igrexas (35.000 euros anuais), Carmen Liñeira (33.000 euros) e Mayka Basalo (33.000 euros). A este respecto a voceira do Partido Popular critica que "as dúas mulleres con dedicación exclusiva cobren 2.000 euros menos" e tíldao de "discriminación salarial". O PSdG xustifica, a través da súa portavoz, Mónica Barral, esta diferenza salarial pola "distinta carga de traballo e responsabilidades". Xesús Pereira, comentou que neste punto se lle fixo unha concesión, para poder chegar a un acordo, e así llo comunicaron ao alcalde "se el consideraba por algunha razón de peso que tiña que facer algunha diferenza e así se materializou". O voceiro de Adiante Melide, Xosé Igrexas, animou á portavoz do Partido Popular a "investigar as cuestións que se deben ter en conta e non as que ela ten en conta para o seu propio interese", así mesmo púxolle varios exemplos de Concellos nos que goberna o PP e se contemplan diferenzas salariais como "en Oroso o novo Alcalde popular cobra 48.500 euros e a Concelleira de Cultura 27.000 euros, en Palas de Rei, tamén do PP, o Alcalde cobra 31.000 euros e a Concelleira de Servizos Sociais 22.000 euros. O Alcalde melidá, Xosé Manuel Pérez, fixo fincapé en que García tivo "unha ocasión de ouro de igualar os salarios cando foi alcaldesa e non o fixo", tamén afirmou que "non é momento de dar lecciónns porque este Goberno cobra menos" que o Goberno do PP con Dalia García ao fronte.

Os concelleiros e concelleiras no Pleno do Concello de Melide do pasado 1 de agosto. / Foto: Concello de Melide

A maiores, neste Pleno aprobouse cos votos a favor de Adiante Melide e PSdG o nomeamento dun persoal eventual.

O Goberno do Estado somete a información pública o trazado da N-547 para mellorar a seguridade

O punto no que o Ministerio de Transportes ten previsto poñer unha rotonda para mellorar a seguridade. / Foto: Asetem

O Goberno do Estado, a través do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana aproba de xeito provisional o proxecto de trazado para a mellora da seguridade vial e a reordenación de accesos na estrada N-547 no quilómetro 49,450 en Melide. O pasado 19 de xullo publicouse o correspondente anuncio no BOE para someterse a información pública.

O proxecto plantea a execución dunha glorieta na entrada do municipio melidá para acondicionar o tráfico da zona e reordenar os accesos existentes, mellorando así a seguridade. Para isto, realizaranse as seguintes actuacións que contan cun presuposto estimado de 499.711 euros (IVE incluído): execución de intersección tipo glorieta no km 49,450 da N-457; reordenación de accesos na zona para a conexión da N-457 coa CP-4603 e a Rúa Sabián; outras obras como a rehabilitación do firme.

A Garda Civil detén a 15 persoas por máis de 40 delitos en Galicia

Membros da Garda Civil cun detido nun edificio de Melide. / Foto: Garda Civil

A Garda Civil detén a 15 persoas, 11 homes e 4 mulleres, pola súa presunta participación en polo menos 40 roubos con forza, substraendo material por un valor superior aos 700.000 euros.

Na madrugada do pasado 27 de xullo, a Garda Civil realizou simultaneamente oito rexistros en vivendas situadas en Santiago, Betanzos, Melide e Lugo.

Os detidos actuaban en grupo e, normalmente, para non ser identificados no lugar dos feitos roubaban vehículos que empregaban para acceder ao lugar onde cometían os roubos e para darse á fuga.

Melide recolle o premio da iniciativa de reciclaxe 'Únete ao Reto' para destinar a causas sociais

Os representantes dos Concellos premiados nesta campaña de reciclaxe. / Foto: Consellería de Medio Ambiente

Melide recolle no Mosteiro de Carboeiro en Silleda o premio da iniciativa a prol da reciclaxe, 'Únete ao Reto', organizada por Ecoembes e coa colaboración Xunta de Galicia para destinar a causas sociais.

O municipio melidá conseguiu xunto con outros seis concellos (Salvaterra de Miño, Silleda, Arzúa, Mos, Nigrán e a Mancomunidade da Limia) os premios desta cuarta edición de 'Únete ao Reto' por participar nesta actividade dende os meses de abril a xuño co obxectivo de mellorar as cifras de recollida selectiva dos residuos plásticos, latas e briks. En total, esta iniciativa repartiu 9.000 euros en premios que os concellos deberán destinar a unha causa social.

No caso de Melide o premio acadado foi de 750 euros e irá destinado a Cáritas Parroquial para que esta entidade poida seguir axudando a toda a veciñanza que o precisa. O encargado de recoller dito galardón foi o concelleiro de medio ambiente, Xosé Igrexas.

Todos os municipios citados conseguiron incrementar a reciclaxe de plásticos, latas e briks con respecto ao ano 2022. Concretamente, as sete entidades recoñecidas incrementaron as súas cifras de recollida nun 13,2% de media con respecto ao mesmo período do ano anterior, isto é, entre o 3 de abril e o 30 de xuño. O concello de Silleda foi o que mellores datos acadou, razón pola que se elixiu o Mosteiro de Carboeiro como lugar para realizar a entrega de premios. No caso de Silleda a porcentaxe de reciclaxe destes residuos aumentou nun 27%.

Durante o acto de entrega, a directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, Sagrario Pérez, eloxiou o "compromiso das entidades locais e da cidadanía coa reciclaxe, destacando o esforzo realizado para aumentar as súas aportacións de latas, briks e envases de plásticos, como mínimo, un 10% con respecto ao ano anterior". Pérez puxo en valor a necesidade de concienciar á veciñanza da importancia de continuar a separar de xeito correcto os residuos que xeramos no ámbito doméstico.

As orquestras Panorama, París de Noia, El Combo Dominicano e o Grupo Extra chegan ao municipio melidá coas Festas do San Roque

As orquestras Panorama, París de Noia, El Combo Dominicano e o Grupo Extra chegan ao municipio melidá coas Festas do San Roque dende o luns 14 ata o martes 22 de agosto.

Como é habitual, entre a veciñanza e visitantes había moita expectación polo cartel das actuacións das Festas do San Roque, presentado o pasado 28 de xullo por membros da Asociación de Festas do San Roque, o Alcalde da vila e os traballadores de Escala Espectáculos 5.0. Este ano o San Roque cita a diversas orquestras, charangas, grupos de música tradicional e bandas para o desfrute de todas e todos.

As Festas do San Roque, organizadas pola Asociación con este mesmo nome en colaboración co Concello de Melide e a Deputación da Coruña, arrincan o luns 14 pola noite coa actuación dunha das orquestras máis recoñecidas a nivel galego, a Panorama, que tentará facer bailar e gozar co seu espectáculo.

O día 15, festivo nacional, será a quenda da orquestra madrileña La Misión, que actuará en Melide por segundo ano consecutivo, e comparte cartel co grupo de música tradicional da vila Froito Novo e a charanga Mekanika Rolling Band. Unha das xornadas con máis variedade de estilos musicais para o desfrute de todas e todos.

O día de San Roque, o mércores 16, a programación fixa as actuacións da orquestra París de Noia, o Grupo Bomba, a Banda de Música de Agolada e o tradicional concerto da Coral Polifónica de Melide. Para os máis cativos e cativas, habera o espectáculo de circo *Glamping* da compañía SU.MA na Praza do Convento.

O xoves 17, será a quenda do grupo latino Los Coleguitas e da orquestra Cinema, coñecida como a orquestra máis agresiva de Galicia. Esta xornada non podía quedar sen un toque de maxia e espectáculo polo que as crianzas terán unha cita co Mago Teto e a súa actuación, denominada *Rock "n" Magic*.

Membros da comisión de festas, de Escala Espectáculos e o Alcalde de Melide na presentación do San Roque. / Foto: C.M

De cara á fin de semana, o venres 18 celebrarase o tradicional Campionato de Tirapedras, na Praza das Coles, no que poden participar persoas de todas as idades. Ademais haberá o espectáculo infantil de Pakolas. Para poñer o toque musical chegan a Melide a orquestra Olympus, a Banda de Música de Visantoña e os Festicultores Troupe que poñerán o necesario para cultivar a festa máis salvaxe.

O sábado comezará o xornada co habitual Día da Bicicleta, polo que se organizará un percorrido para realizar en conxunto polas rúas e camiño do concello, un dos grandes plans para realizar en familia ou coas amizades durante estas festas. Tamén actuará o grupo de música tradicional da vila Herba Grileira para poñer o punto do folckore galego a estas festas e amenizar as rúas durante o día. Pola noite, haberá un concerto do Grupo Extra, coñecido por cancións como *Me emborracharé*, *A través de vaso* ou *Hoy se bebe*. O espazo da verbena quedará en mans da orquestra Marbella.

Na xornada do domingo 20 festexarase o Día do Río, o día no que tradicionalmente as familias do municipio comen na Área Recreativa da Praia Fluvial de Furelos, acompañados da charanga Era Visto. Ademais, nesta xornada tamén actuarán a orquestra Los Satélites, con máis de 80 anos de percorrido polas verbenas galega, e a mítica Banda de Música de Arzúa.

Para rematar os días de música e troula, o luns 21 de agosto a orquestra canaria El Combo Dominicano poñerá o punto final cos seus ritmos latinos a unha semana de Festas do San Roque. Non obstante, o martes 22 será a xornada escolmada para o desfrute dos máis pequenos e pequenas da casa co Día do Neno/a, polo que durante unhas horas da tarde as atraccións terán un prezo reducido especial e haberá zumos e xeados gratis.

Todas as actuacións dos grupos, orquestras, charangas e bandas destas festas serán de entrada gratuíta e libre no Cantón de San Roque de Melide. As atraccións situaranse, como xa vén sendo habitual, nas inmediacións do Parque Rosalía de Castro.

Durante esta semana chea de troula e música prevese que cheguen a Melide miles de persoas de diferentes recunchos de Galicia así como turistas e visitantes doutro puntos da xeografía española. O alcalde melidá destacou na presentación do cartel das festas "o gran traballo realizado pola comisión de festas para acadar un completo programa que encherá a Melide dos veciños e visitantes para desfrutar dunhas festas de San Roque que xa están consolidadas como unha das grandes festas de Galicia".

Unha das imaxes das Festas de San Roque de hai uns anos. / Foto de arquivo

SAN ROQUE MELIDE 2023

ASOCIACIÓN DE FESTAS DE SAN ROQUE

DO 14 AO 21 AGOSTO

I A CORUÑA I

Concello de Melide

Deputación DA CORUÑA

14 PANORAMA

15 LA MISIÓN — FROITO NOVO — MEKANIKA ROLLING BAND

16 PARÍS DE NOIA — GRUPO BOMBA — CORAL POLIFÓNICA DE MELIDE — BANDA DE MÚSICA DE AGOLADA

17 LOS COLEGUITAS — CINEMA

18 OLYMPUS — BANDA DE MÚSICA DE VISANTOÑA — FESTICULTORES TROUPE

19 DÍA DA BICICLETA — Concerto de: GRUPO EXTRA — HERBA GRILEIRA — MARBELLA

20 DÍA DO RÍO — LOS SATÉLITES — CHARANGA ERA VISTO — BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA

21 EL COMBO DOMINICANO

VERBENA FM

Escala 5.9 Espectáculos

ESPECTÁCULOS MIGUEL

22 AGOSTO DÍA DO NENO

ENTRADA LIBRE A TODAS AS ACTUACIÓNS NO CANTÓN DE SAN ROQUE

aluminiosmato

Na Terra De Melide
Muxicas do Camiño
MUXICA
TENDA · XOVEN
Unha Morea De Sorpresas

Rúa do Convento, 36, Melide - 981 50 63 66
Cantón de San Roque, 46, Melide - 658 04 37 23

MIS MEJORES LABORES

* Puericultura
* Lencería
* Mercería
* Infantil

Tlf.: 981 50 90 85
Ronda da Coruña, 38 - MELIDE

Borboriño

Xeados artesanais producidos con materias primas naturais de orixe local

Rúa San Pedro, 5
15800 - Melide
881 99 05 50

ALAIN AFFLELOU
Óptico y Audiólogo

ALAIN AFFLELOU MELIDE
C/ Ronda de Coruña, 16. Tel. 981 50 60 97

Sobrado celebra a XXII Feira da Troita esta fin de semana con moita troula

O cartel da XXII Feira da Troita de Sobrado. / Foto: Concello de Sobrado

Esta fin de semana, do 12 e 13 de agosto, Sobrado celebra a XXII Feira da Troita cunha programación moi diversa para o desfrute da veciñanza e visitantes.

O sábado comeza coa exposición de coches clásicos participantes no Rallye Teresa Herrera na Praza do Concello, pola tarde é a quenda da séptima carreira 'Corretroita', a continuación, sobre as 20:30 horas comeza a actuación de Virtual Project e ás 23:00 horas na Explanada do Polideportivo tocarán: Herdeiros da Crus, Broken Peach e Señor Magick DJ.

O domingo na Praza do Convento a partir das 11:00 horas abre a feira de artesanía e gastronomía, logo pasarúas coa Maristela e o pregón a cargo de Tito Concheiro. Da sesión vermú encárgase o grupo Nueva Fuerza e da animación de rúa da tarde a formación Barafunda. Ademais, haberá zona de xogos na Vía Sacra a partir das 17:00 horas e as actuacións de: Señor Magick DJ, Festicultores Troupe, Mekanika Rolling Band e Nueva Fuerza.

Un fin de semana chea de troula para desfrutar dunha nova edición da Feira da Troita.

'Santiso Concilia' é a iniciativa a prol da conciliación de Santiso

Varios nenos e nenas nunha actividade en Visantoña. / Foto: Concello de Santiso

O Concello de Santiso organiza a iniciativa 'Santiso Concilia' dende o 28 de agosto ata o 29 de setembro.

Esta actividade realizarase de luns a sábado dende as 16:00 ata as 20:30 horas na Antiga Casa do Concello en Arcediago, con nenos e nenas de 3 a 16 anos. Nesta iniciativa as crianzas farán xogos e xincanas, traballos manuais, actividades de igualdade e medio ambiente, entre outras.

Santiso Concilia é unha actividade totalmente gratuíta que permitirá unha mellor conciliación familiar e laboral das nais e pais neste período no que en parte aínda non hai escola nin tampouco outras actividades extraescolares ou campamentos.

Nesta iniciativa, financiada polo Ministerio de Igualdade e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

“A sociedade ten moitos prexuízos sobre a xente do campo”

A melidá Lucía Casal, gañadora do Premio Nacional de Medio Ambiente

A melidá Lucía Casal Vázquez, gañadora do Premio Nacional de Juventud de Medio Ambiente do INJUVE, con tan só 20 anos ten moi claro cal quere que sexa o seu futuro, a vida no rural.

Lucía non acaba de crerse gañadora deste recoñecemento nin tampouco da súa trascendencia, xa que para ela “poñer en valor o campo é algo normal, do meu día a día”. Esta veciña do Carballal, na parroquia de Santa María, sinte que a sociedade ten “moitos prexuízos sobre a xente do rural”, uns prexuízos que pensa que veñen de moitos anos atrás cando traballar no campo era sinónimo de sacrificio e pobreza. Esta rapaza amante dos animais e a natureza fai fincapé na necesidade de mirar atrás, ás nosas raíces, porque “o sector primario construírono as xeracións pasadas, como a de meus avós, a duras penas, especialmente as mulleres que tiñan que ir lavar a roupa ao río, coidar dos fillos e fillas, cociñar e atender os animais”.

A melidá Lucía Casal coas vacas da súa granxa familiar nun prado. / Foto: Lucía Casal

Para derribar estes prexuízos Lucía aposta por empregar as redes sociais, dado que “a xente nova temos a mala costume de pensar que o que vemos nas redes é o mellor”, o problema disto é que as redes sociais son un negocio máis e non sempre amosan a realidade, “só nos contan o que queremos ver”. Esta moza de 20 anos comezou nas redes sociais así coma quen non quere a cousa, “amosando o meu día a día, así como de broma” e agora conta con vídeos con máis de 100.000 visualizacións e máis 14.000 seguidores en TikTok. Lucía recorda con moito cariño o seu primeiro vídeo viral, subido un 8 de marzo, Día da Muller, subida ao tractor e coa canción de Natti Natasha ‘Soy mía’, da que recorda partes da letra como na que di: *“yo no nací para ser princesa, al menos en el cuento mío, prefiero hacerme la promesa de hacer mi ruta en el camino”*. Na cara B das redes sociais vense a miúdo nas críticas e comentarios doutros usuarios ou usuarias pero como afirma Lucía “non estou aquí para compracer a ninguén”. Críticas, comentarios e prexuízos moitas veces provocados polo descoñecemento e a desinformación, “fálase moito sen saber, as persoas que critican non teñen nin idea do que é a vida no campo”.

A Lucía Casal a paixón polo mundo rural venlle de familia, “moitas veces dinme, a teu avó gustáballe moito isto e quen lle dera verte así, xa que meus avós tamén o vivían moito”. De feito, esta moza melidá compaxina o seu traballo nunha cafetería da vila con axudar a seu pai, Suso Casal, na granxa familiar de vacas de carne.

Unha das frases máis repetidas durante a pandemia, “se o campo non vive a cidade non come”, reflicte o que é un dos grandes problemas que Lucía atopa na sociedade actual “non se valora o suficiente o traballo no campo, dos sectores da gandería e a agricultura, son partes esenciais”. “Durante a pandemia, mentres moita xente estaba encerrada na casa sen poder saír nin a traballar nós tiñamos que seguir a facelo porque senón chegariamos ao supermercado e non habería que comer”.

Outra das eivas que atopa Lucía é o pouco valor que se lle dá en Galicia a produtos de gran calidade como a tenreira galega, “eu como produtora de tenreira galega suprema dóeme moito ir ao supermercado e ver a pouca promoción que se lle fai porque é unha carne de moita calidade, os gandeiros e gandeiras pasamos moitos controis e condicións para poder producir ese produto de gran calidade. Teño moitos seguidores da montaña asturiana e cántabra e vexo que alí valoran moito máis as razas autóctonas de carne”.

Ademais, esta gandeira afincada en Santa María non esquece reivindicar o papel das mulleres no sector primario e manifestar que o problema “non é que o mundo do rural non tire é que teñen medo do que a xente diga, dos prexuízos,...”. O machismo, ao igual que noutros eidos da sociedade, está moi presente nos traballos do campo, “se vou a unha feira de gando, os tratantes son todos homes, se vou a un evento de tractores son todos homes, no sector primario a maioría de clientes e traballadores son homes”. Os comentarios machistas como “ti non vales para facer iso” non pasan desapercibidos para Lucía Casal pero a súa actitude sempre será “non entrar en discusión porque eu fago o meu traballo e non lle dou xogo a esas palabras”. Algunhas rapazas que se queren dedicar ao sector primario ven en Lucía un modelo a seguir, de feito “pregúntanme como eres tan forte antes as críticas e os comentarios? Todos temos os nosos momentos de debilidade pero non é que sexa forte, ten que gustarche o que fas e centrarte en conseguilo a pesares das trabas”.

Como en moitos outros sectores, a falta de relevo xeracional, faise notar na gandería e agricultura, traballos para os que se necesitaría “unha maior publicidade e promoción para que a xente coñeza todas as posibilidades de estudar opcións relacionadas co campo”, comenta Lucía.

A maiores, a gañadora do Premio Nacional de Medio Ambiente do INJUVE manifesta a importancia de que “nos medios de comunicación aparezan os problemas reais do sector primario como os prezos, a seca e a falta de traballadores, entre outros”. Un problemática que parece no interesar ao sector da comunicación a pesares de ser un dos motores da sociedade e vivir nun país no que o rural queda sen xente para vivir e traballar, “un día comentaba con meu pai cantas explotacións gandeiras quedaban na comarca e son moi poucas”. Para pórlle solución a esta complexa situación Lucía considera que as Administracións Públicas tamén deben poñer da súa parte e poñer en valor o mundo da gandería e a agricultura, xa que “os prezos actuais no sector da carne non son dignos, as persoas que traballamos no campo só queremos ter uns prezos xustos que nos permitan vivir”.

“A xente non é consciente do grave problema que se nos vén enriba se o rural queda sen xente e sen traballadores e traballadoras”, a sociedade está moi desconectada do campo e a súa problemática polo que esta gandeira melidá fai fincapé na necesidade de prestarlle atención á vida do rural. Non obstante, Lucía teno claro, “se outras xeracións puideron nós tamén imos poder”.

O Circuíto Galego de Teatro Amador 2023 chega a Melide o 9 de setembro



O cartel do Circuíto Galego de Teatro Amador 2023 que se celebrará en Melide. / Foto: Asociación Cultural Charamela

O Circuíto Galego de Teatro Amador 2023 chega a Melide os vindeiros días 9, 16 e 23 de setembro e o 1 de outubro. Esta iniciativa está organizada pola Federación Galega de Teatro Afeccionado e a Asociación Cultural Charamela en colaboración coa Xunta de Galicia e o Concello de Melide.

Como ben sendo habitual, os meses de setembro e outubro son xornadas de teatro afeccionado no municipio melidá. O Centro Sociocultural Mingos de Pita volve ser o escenario escollido para acoller os actores e actrices de diversas compañías galegas con obras para diversas idades e con entrada gratuíta.

O tear subirase no vindeiro mes de setembro o sábado 9 ás 21:00 horas coa actuación de A Tequerreté Teatro (Teo) que interpretará a obra *"Vacacións"* para maiores de 14 anos. O seguinte sábado, día 16, é a quenda de Rebuldeira Teatro (Sarria) coa representación de *"Cita previa"* ás 21:00 horas e para todos os públicos. A seguinte actuación será especial, xa que corre a cargo da Asociación Cultural Charamela de Melide coa obra *"Adulterio decente"* para todos os públicos, o vindeiro sábado 23 ás 21:00 horas. Para rematar este Circuíto Galego de Teatro Amador 2023 os actores e actrices de Teatro do Ar (Nigrán) interpretarán *"Chao"*, obra para maiores de oito anos, o domingo 1 de outubro ás 20:00 horas. Todas as compañías convidadas contan con experiencia enriba do escenario e varios recoñecementos.

Catro semanas cargadas dunha atrativa programación teatral de actores e actrices afeccionados que permitirá gozar a persoas de todas as idades que se achegen ata o municipio melidá durante esas xornadas. De feito, este tipo de actividades contan ano tras ano cun amplo, diverso e entregado público.

Ademais, este tipo de iniciativas poñen en valor o traballo de asociacións como o caso de Charamela en Melide que traballan a prol da cultura e a lingua galega.

O Museo acolle unha mostra de cadros de Xosé Manuel Broz

Imaxes da sala de exposicións de pintura de Xosé Manuel Broz no Museo da Terra de Melide que se pode visitar de xeito gratuíto. / Foto: Cerne

O Museo da Terra de Melide acolle unha mostra de cadros de Xosé Manuel Broz Rei, artista melidá e director desta entidade.

Nestas obras, Broz ensina a todo detalle diferentes paisaxes de Melide como, tanto naturais como arquitectónicos, por exemplo o altar da Igrexa Parroquial do municipio ou a Torre do Campanario.

Esta nova exposición de pintura pode observarse na sala da planta baixa do Museo melidá durante todo o mes de agosto de xeito totalmente gratuíto. Unha boa oportunidade para desfrutar destas obras e visitar o resto de salas do edificio para coñecer mellor o noso pasado e as nosas raíces.

O 1º Trofeo Cerne de Galicia de kickboxing celebrarase en Melide o sábado 19 de agosto

Parte do Cartel do Primeiro Trofeo Cerne de Galicia de Kickboxing que se celebrará en Melide. / Foto: Escola Ayude

O primeiro Trofeo Cerne de Galicia de kickboxing celebrarase o vindeiro sábado, 19 de agosto, no Polideportivo municipal de Melide a partir das 19:00 horas (a apertura de portas será media hora antes).

Nesta xornada deportiva, organizada por Escola Ayude en colaboración con outras entidades, competirán diversos profesionais do kickboxing, sendo os "cabezas de cartel", o veciño de Santiso, Arón Ayude e Florín Mihaita.

Para conseguir entradas para este evento deportivo habilitaronse dous puntos de venda: o Ximnasio da Escola Ayude (na rúa Vicente Risco, 9, baixo; os luns, mércores e venres de 20:00 a 21:00 horas) e a Cervexería A Fundación (Avenida de Toques e Friol, 23). Tamén se pode contactar cos organizadores deste trofeo nos números de teléfono: 610 94 94 26 (Cora), 678 72 19 22 (Arón), 633 52 51 74 (Andrea) ou a través do correo electrónico: escuelayude@gmail.com.

Dende a organización animan a todos e todas as aficionadas ao kickboxing a participar nesta xornada e a darse présa para non quedar sen entrada para desfrutar destes grandes deportistas que se achegarán ata o Polideportivo da vila.

Melide converterase unha vez máis nun municipio acolledor do deporte grazas a iniciativas coma esta de Escola Ayude nas que se pon de manifesto o gran nivel dos deportistas da comarca, así como o interese da veciñanza por este tipo de competicións.

Ademais, Arón Ayude, que será un dos protagonistas deste gran evento deportivo na tarde do vindeiro 19 de agosto, vén de levarse dúas medallas de ouro no Spanish Open (a competición WAKO máis internacional que se organiza en España, neste caso en Benidorm) nas probas de light e kicklight. Unha mostra máis do alto nivel deste deportista. Para Ayude esta competición foi unha preparación máis para o resto de compromisos internacionais como é a última copa do mundo que se celebrará o próximo mes de setembro en Venecia (Italia).

Arrinca o XLI Torneo de Fútbol Sala melidá cun gran ambiente

O equipo masculino, participante deste torneo de fútbol sala, patrocinado por Autoescola Agra. / Foto: Autoescola Agra

O XLI Torneo de Fútbol Sala do concello de Melide arrinca cun gran ambiente no Polideportivo municipal cos primeiros partidos dos equipos das categorías: senior, alevín, feminino e cadete.

O Polideportivo da localidade melidá volve acoller un ano máis o torneo de fútbol sala do verán por excelencia na comarca. Nesta ocasión son 44 os equipos en diferentes categorías, a máis numerosa a dos seniors que conta con 25 equipos, os que competirán para levarse o trofeo de gañadores e gañadoras.

Nestes primeiros días de agosto celébranse os partidos da primeira fase nos caso dos seniors, xa que ao ser máis de 20 equipos en 5 grupos haberá varias fases nas que irán pasando os mellores de cada grupo ata chegar á final. No resto das categorías os partidos son máis repartidos no tempo chegando ata finais de agosto.

Esta semana quedan os partidos desta tarde a partir das 19:20 horas: Trastoneta - Roval (en feminino), Los López - Autoescola Agra (cadetes), Curtiñela - Salgueiriños (infantil), Ganchos - E.Alejandro, Autoescola Agra - Curtis, Botica do Campo - JIM/Roval, Fundación - Buroxo, Roi y 9 más - Pedrito (estes últimos equipos pertencen á categoría de seniors). O venres a partir das será a quenda dos partidos dos equipos femininos, cadetes, infantil e os oitavos dos seniors.

PUNTO ROXO

busque os artigos marcados con este distintivo e disfrute de

grandes descontos

O teu PIKOLIN ao 55% dto

Do 15 de xullo ao 31 de agosto de 2023.

*Consultar condicións en tenda.

POLA COMPRA DUN COLCHÓN pikolin

LEVA UN PROTECTOR DE COLCHÓN ¡DE REGALO!

MOBLES ARES

Desexámosvos boas festas San Roque

Visitanos tamén en **www.moblesares.com**

ABERTO DOMINGOS DE 10h. a 14h.

estudio 360º by Grupo Noguerol

Oficina técnica de arquitectura y construcción

Construcción
- Obra nueva
- Cocinas y baños
- Reformas integrales
- Locales comerciales
- Climatización
- Eficiencia energética
- Electricidad y fontanería
- Instalaciones domésticas

Arquitectura
- Proyectos integrales
- Proyectos de reforma
- Tramitación licencias
- Certificaciones energéticas
- Urbanismo
- Interiorismo
- Diseño gráfico
- Infografías 2D y 3D

Nueva ubicación Rúa Convento nº28, Melide
www.gruponoguerol.com
981 50 77 00 | 698 97 68 21

2 GAFAS MÁS
POR 1€ MÁS*
Y LA TERCERA PARA TI,
¡O PARA REGALAR!

Tchin Tchin
DE AFFLELOU
ÓPTICO

C/ RONDA DE CORUÑA, 16
MELIDE (E-15-0012058)
981 506 097

*Promoción válida del 5/06/2023 al 31/08/2023 en todas las ópticas de ALAIN AFFLELOU de España y Andorra. Ver condiciones en óptica o en afflelou.es.

Manuel Vázquez, Transportes Sierra

"O problema de raíz do sector dos transportes non se solucionou, deberían limitarlle as ganancias ás axencias"

- Como funciona a túa empresa, Transportes Sierra?

- Manuel Vázquez: É sinxelo, dedicámonos a transportar coches por todo Europa. Normalmente, cargamos en Vigo e, dependendo do destino que nos marquen, se é sur de Francia, zona de Burdeos, volvemos de novo cargar en Pamplona e dende aí levámolos ata Alemaña, Bruxelas ou o punto que nos indiquen. Outras veces tamén cargamos no Porto de Barcelona e partimos dende aí.

- Es un empresario cunha ampla traxectoria no sector, que notas que mudou?

- M.V: Levo, aproximadamente, 30 anos transportando coches dun lado para outro polo que creo que si se pode dicir que teño experiencia.

O sector pasou unha crise forte dende o 2007 ata o 2014, foron uns anos nos que o traballo foi de máis a menos continuamente. A partir do 2014 a situación foi mellorando pero no noso sector cando hai unha crise somos dos primeiros en notalo porque a xente deixa de cambiar o coche. No sector mudaron diversos factores porque nestes últimos anos debido á suba do gasóleo, o encarecemento das peaxes, á perda de poder adquisitivo..., é dicir, os custes subiron moito polo que moitos traballadores do oficio deixárono. Dende que comezou a pandemia desapareceron 900 camións de transporte de vehículos, isto provocou que os prezos que as empresas teñen que pagar para o transporte sexan máis ou menos decentes, os que antes che pagaban o quilómetro a 1 euros agora fano a 2 ou a 3. Nótase que a xente vólvese animar a cambiar de coche pero hai un problema, non hai choferes.

Manuel Vázquez, responsable de Transportes Sierra, nas oficinas de ASETEM - CCA en Melide. / Foto: Cerne

As persoas novas non sacan o carné necesario e se o fan non queren saír a viaxes internacionais. No meu caso gústame moito porque me encanta viaxar pero non vale para todo o mundo.

- A que cres que se debe a falta de relevo xeracional?

- M.V: A verdade, é unha profesión dura. Imaxínate pasar toda a semana nunha cabina de 4 metros cadrados, onde tes que comer e durmir en moitas ocasións e, ás veces, con problemas para ducharse. Logo, tes que ser de bo comer porque unha vez que te pos en ruta hai lugares nos que se come ben pero tamén existen outros nos que non hai restaurantes, hai fábricas de comida. No meu caso non teño problema porque son unha persoa tranquila e de bo comer pero se es de mal dente vas pasalo mal. Por outro lado, penso que hai determinadas axudas que non incentivan o traballo en oficios como o noso porque aportan un sustento económico sen esforzo, así como hai outra parte que prefire estudar máis e non dedicarse a estes traballos. Ao mesmo tempo, noto que hai máis camións na estrada ca nunca pero a maioría conducidos por persoas estranxeiras.

- Que mudarías para mellorar o voso traballo?

- M.V: A nivel europeo é moi necesario aumentar o número de áreas de descanso e a calidade das que xa hai para os camións. Hai países como Alemaña que están moi masificados de camións e poucas prazas nas áreas de descanso, aínda por encima as que hai necesitan ser ampliadas para que os camións collan ben e contar con mellor iluminación, duchas e seguridade. Deberían poñer áreas de descanso cada 10 quilómetros.

- O sistema das horas de condución está ben xestionado?

- M.V: Se o miras friamente e o analizas está ben posto, ás veces as normas non gustan porque en certos momentos poden prexudicarte algo pero está ben se logo eses cartos se usan do xeito correcto. Antigamente, antes do ano 1987 que foi cando puxeron o sistema do tacógrafo, o condutor conducía demasiado tempo, durmían 2 horas ao día, logo cargaban e volvían empezar, isto é unha toleada. Actualmente, podes facer 9 horas diarias 6 días á semana e hai 2 días que podes facer 10 por motivos puntuais. A maiores, obríganche a realizar descansos cada certo tempo e iso agradécese porque baixas do camión, descansas, tomas algo ou vas ao servizo, e isto é necesario porque senón seriamos escravos aínda que fora de nós mesmos.

- Hai informacións que apuntan a que nun futuro en España se pagarán peaxes nas autovías, que opinas disto?

- M.V: No meu caso en concreto prexudícame que se poñan pero creo que deben facelo porque nos países da nosa contorna (Portugal, Francia, Alemaña, Bélxica,...) páganse peaxes nas estradas de alta velocidade. Isto non podería ter un custo alto porque senón sería carísimo pero se é algo simbólico non me parece mal e recadaríanse moitos cartos para poder manter as estradas en perfecto estado. Dende a pandemia as estradas están en mal estado, sen ir máis lonxe en Pedrafita houbo unha época na que tiveron que cortar un carril con conos porque dado o seu estado era perigoso circular por el e non había cartos para arranxalo. España ten unha gran rede de estradas e autovías polas que se circula bastante ben, en países como Alemaña é moi difícil conducir por autopista sen atopar caravana e en cambio aquí vas tranquilamente.

- Hai pouco máis dun ano, os transportistas convocastes unha folga por mor do incremento dos custos, funcionaron as medidas que aprobou o Goberno?

- M.V: Nun primeiro momento a axuda era 20 céntimos por litro de gasóleo, agora son 10 e nos últimos meses do ano penso que pasarán a ser 5 céntimos e acabarán desaparecendo. Isto é como un caramelo que lle dás a un rapaz, o problema de raíz non se solucionou, déuselle o caramelo para endulzar un pouco a boca. As tarifas están como estaban.

- Cal sería a solución?

- M.V: Limitarlle ás axencias de transportes e as subcontratas a ganancia, é dicir, a empresa que contrata o servizo que se quede, por exemplo, co 10% e o resto para a empresa transportista que son os que realizan o traballo forte. Non obstante, actualmente, é á inversa; na parte do transporte de vehículos non pasa tanto pero noutro tipo de mercancías é descarado.

Transportes Sierra
Parque Empresarial da Madanela, 79 - 80
15800, Melide
Tlf: 610 52 34 50

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- **Sonido claro y variado.**
- **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**
- **Tecnología recargable** (olvídese de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.
- **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**

Estudio Auditivo Gratuito

E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora